

# Museos e Arquivos

## Os fondos galegos da Biblioteca Universitaria de Santiago<sup>1</sup>

Neste traballo tentamos chamar a atención sobre o “Catálogo Galicia” da Biblioteca Universitaria de Santiago (BUS), unha base de datos se cadra pouco coñecida en Galicia a pesar de ser a mellor e maior fonte documental para os estudos galegos; tamén se fala doutra base de datos complementaria: “Autores Galegos” na BUS, o maior directorio de nomes galegos na rede.

### O “Catálogo Galicia” da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela.

Os fondos documentais da USC contan cun catálogo que permite a procura en toda a base de datos, pero tamén con catálogos especiais, como o destinado ao Fondo Histórico, á Biblioteca América, o chamado “Catálogo Galicia”, ou o apartado Coleccións dixitais, que da acceso a todo os fondos dixitalizados da BUS. O Catálogo Galicia (CG) é o de maior interese para o investigador no referente ao noso país, pois constitúe a base de datos máis ampla dedicada ao que, nun sentido moi extenso, denominamos fondo galego.

---

<sup>1</sup> Os fondos galegos están estudados no artigo “A Sección Galicia da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago” de Pilar González Novoa e M<sup>a</sup> del Carmen Vázquez Ramos, na *Homenaxe a Daría Vilariño* publicado pola Universidade de Santiago de Compostela en 1993 (p. 131-134); os datos posteriores foron recollidos da memoria anual que a BUS publica dende 1991, e no referido ao momento actual os datos foron proporcionados pola Xefa da Sección de Proceso Técnico, Paloma Castro Rey e o Xefe da Sección de Adquisicións Manuel Facal Casado; as fotos da BUSC son obra do Xefe do Negociado de Mantemento de Fondos, Francisco Javier Villar Teijeiro. Moitas grazas a todos e todas.

Un exemplo rotundo disto é a cantidade de documentos que podemos atopar nunha busca dedicada a Castelao: na base de datos aparecen 1.500 documentos baixo o nome dese autor, relativos a diferentes tipos de colaboración, dende a súa faceta de ilustrador, a de prologuista, pasando polos seus famosos títulos; por outra banda, temos no catálogo máis de 1.000 obras que tratan sobre o intelectual galego. Outro exemplo: unha busca do termo Coruña recupera 1.200 rexistros e a palabra-chave Compostela dános acceso a 32.000.

Os antecedentes deste catálogo remóntanse a finais dos anos 70, cando unha maior afluencia de investigadores interesados na temática galega, seguindo o signo dos tempos, fixo necesaria a formación dun ficheiro interno cos datos dos libros galegos existentes nos fondos xerais da Biblioteca Xeral. Nos anos 80 créase a Sección Galicia e decídese facer un catálogo dedicado aos fondos galegos da biblioteca compostelá, tanto das monografías como das publicacións periódicas; o máis parecido a una Bibliografía nacional nun país que carecía deste recurso.

A finais da década dos 80 comezan a facerse tamén rexistros bibliográficos dos artigos aparecidos nas revistas galegas ou naquelas de interese para Galicia, e dende os 90 se fan tamén rexistros analíticos das monografías que ingresan na BUS. Esta vén sendo hoxe en día a fonte dos datos do CG: títulos de monografías, cabeceiras de publicacións periódicas, e tamén artigos de revistas e capítulos ou partes de monografías. Nos primeiros anos só formaban parte do CG os fondos da Biblioteca Xeral pero hoxe en día ingresan no catálogo todos os fondos galegos da biblioteca universitaria, calquera que sexa a súa localización; e os criterios actuais para o uso ampliado de galego son os mesmos que entón, e segundo a Sección de Proceso Técnico da BUS:

*“Os criterios para a inclusión dunha obra no catálogo é que cumpra algún dos seguintes requisitos: Está escrita en lingua galega; o autor é galego, independentemente da lingua na que escriba e de que resida ou non en Galicia; autor reside en Galicia, sen ter nacido aquí, e a súa vida elou a súa obra está vinculada a Galicia; o autor desenvolveu a súa actividade profesional temporalmente en Galicia; obras editadas en Galicia por calquera editorial ou institución, sexa cal sexa o idioma da publicación; obras sobre Galicia ou sobre autores ou personaxes galegos, sexa cal sexa o país ou a lingua de publicación”.*

O fondo galego vén sendo una das prioridades da biblioteca universitaria. A modo de exemplo, podemos dicir que no ano 1991 ingresaron 1.021 obras do fondo de Galicia, moitas delas adquiridas no mercado de anticuario, entre as que se encontran primeiras edicións de Valle-Inclán, Torrente, Cunqueiro ou Castelao; tamén cabe sinalar a compra da obra galega feita no exilio, nomeadamente a proluxa produción editorial de Luis Seoane ou Arturo Cuadrado; isto

foi un gran esforzo económico, e nestes primeiros anos o fondo galego consumía o 10 por cento do BUS, se ben nalgún exercicio chegou a ser case que o 20 por cento, e na actualidade está arredor do 5%.

Tamén nese ano se fan varias compras en microficha de prensa antiga de Galicia, no que foi durante anos una liña de traballo da BUS, tanto no eido da formación das coleccións como no da súa conservación. Liña de traballo que foi descartada ao aparecer a dixitalización como mellor modo de asegurar a conservación das coleccións.

Neste 1991 temos entón, no sistema automatizado da BUS un Catálogo de Galicia, onde se inclúen as monografías da sección Galicia, así como artigos de revistas e colaboracións referidas a Galicia, en lingua galega, de autor galego ou editados en Galicia. Nese ano 1991 a base de datos Galicia conta con 23.000 rexistros, 13.600 procedentes da reconversión do catálogo manual, 3.240 da catalogación en curso e 6.000 son fichas analíticas de monografías e publicacións periódicas.

Temos que destacar a inmensa riqueza desta colección, polo seu tamaño, máis de cen mil libros e tres mil cabeceiras de publicacións periódicas, e calidade, primeiras edicións, fondo patrimonial, literatura non comercial, separatas, etc., na que existen moitos exemplares únicos, que non atopamos noutra biblioteca, e da que cómpre subliñar como valor engadido o acceso aos capítulos e artigos de monografías e revistas que se ofrecen



Estante da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela.

a través da catalogación analítica, na que se fai a análise de cada documento das obras colectivas, catalogación que de maneira tan exhaustiva só se fai na BUS. Por todo isto é un catálogo que serve de referencia non só á comunidade universitaria senón tamén ao conxunto da sociedade galega, ao ser dalgún xeito a bibliografía nacional galega. Como apoio ao CG existe ademais outra base de datos dedicada a Galicia, un directorio de autores chamado Autores Galegos na BUS.

Nos últimos anos a BUS está traballando no acceso dixital ao seu fondo galego e patrimonial; deste xeito parte dos fondos do CG están presentes en Minerva, o repositorio institucional da US, e tamén no apartado Coleccións dixitais do catálogo da BUS. Ademais, a través destas coleccións, o fondo galego está presente en Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, en Hispana e tamén en Europeana, a gran biblioteca dixital europea.

Estas **Coleccións dixitais** son o resultado de diversos proxectos de dixitalización do amplo fondo antigo da US, é pode considerarse una biblioteca dixital. O fondo galego constitúe o material das seguintes coleccións: Galicia, 1.187

títulos galegos de manuscritos e impresos publicados entre 1483 e 1900; Prensa galega, as 76 cabeceiras de prensa e revistas dixitalizadas do fondo antigo galego; Bibliografías Letras Galegas, cos catálogos bibliográficos das mostras organizadas anualmente dende 1992 con motivo do Día das Letras Galegas; e recentemente se engadiu a colección de Teses USC, cos 1.291 títulos das teses defendidas na USC a partir do ano 2005 que forman parte de Minerva. Tamén temos fondo galego nalgunha das outras seccións: Incunables, con 143 relación de títulos da colección de incunables; Literaturas hispánicas, 853 monografías da BUSC no campo da literatura hispánica impresas entre os séculos XV e XVIII; Biblioteca América, que reúne os 230 fondos dixitalizados anteriores a 1900 pertencentes á Biblioteca América da Biblioteca Xeral.

Os fondos galegos tamén forman parte de **Minerva**. Algunhas coleccións do repositorio recollen os libros galegos, así no Fondo Histórico e Patrimonial temos 4.653 obxectos dixitais dos que ao apartado Galicia pertencen 1.180, na Comunidade I+D+I, que contén 9.103 obxectos, vemos que 1.049 son dos Cursos e Congresos, Homenaxes e outras publicacións da USC, mentres que 5.568 son referencias das Revistas editadas polo Servicio de Publicacións.

### **Máis datos.**

A sección Galicia iniciouse nos anos a 70<sup>2</sup> e foron incluídos no catálogo parte deses fondos, comezando polos libros galegos da Biblioteca Xeral, nun traballo que continúa hoxe en día dun xeito exhaustivo. Na Memoria BUSC do 1991 aparecen os primeiros datos sobre o aínda incipiente Fondo galego, e tamén as liñas que marcaron o futuro desta colección. No referente ao desenvolvemento das coleccións anótase a incorporación de mil obras do fondo de Galicia, moitas elas adquiridas no mercado do anticuario –primeiras edicións, obras editadas no exilio–; tamén se fala da compra de edicións en microfilme de prensa galega, coa finalidade de ter coleccións exhaustivas da prensa antiga de Galicia, e tamén para asegurar a súa conservación. No apartado de procesos técnicos da memoria infórmase da continuación do plan de baleirado de publicacións periódicas iniciado no 1989, cunha catalogación analítica de 2.541 rexistros bibliográficos: tanto de revistas en curso como pechadas. Xa se anuncia na memoria que este plan constituirá a maior base de datos bibliográfica de Galicia, accesible a través do sistema automatizado de xestión bibliotecaria que está entón en curso de instalación.

No ano 1994 tamén temos datos do desenvolvemento da colección galega. Nese ano ingresaron 2.792 monografías de fondos galegos, o que representa unha parte importante dos 5.705 libros adquiridos nese ano na Biblioteca Xeral, pois é case a metade do ingresado; mentres que o incremento total

---

<sup>2</sup> Cómpre lembrar, para situarnos nesa época, que no ano 1975 non había máis de mil libros escritos en galego, dicimos escritos, non galegos no senso amplo que vimos tratando.

da colección na BUS ese ano foi de 32.348 monografías. Nese ano o CG conta con xa 58.662 rexistros bibliográficos. O incremento da colección é moi grande durante toda esta década e no ano 1999 temos 117.859 rexistros bibliográficos correspondentes a 137.846 exemplares.

Dez anos despois, no ano 2005 o fondo galego xa ten máis de 200.000 rexistros. Os datos desagregados son os seguintes: 62.951 rexistros de monografías, 39.814 analíticas de monografías, 4.317 títulos de revistas, 87.892 analíticas de periódicas; tamén 13.805 teses de doutoramento compostelás. No ano 2013 o total de rexistros bibliográficos é de 315.000, repartido en 96.607 monografías, 2.996 revistas e 219.698 analíticas.

Na actualidade a base de datos contén 350.000 rexistros bibliográficos referidos a Galicia, e deste total correspóndense con monografías 103.000 títulos, e 3.068 a cabeceiras de revistas; a catalogación analítica aporta ao catálogo 82.528 títulos de capítulos de libros e 159.452 artigos de revistas.

Dentro das monografías, máis da metade, 65.000 títulos teñen ubicación da Biblioteca Xeral, o que nos fala da riqueza da colección, e tamén da súa singularidade, pois 30.000 libros só están na Biblioteca Xeral, mentres que 37.000 títulos pertencen unicamente ás bibliotecas dos centros. Tamén temos que dicir que é unha colección variada e atenta ás tipoloxías documentais, pois 5.000 rexistros corresponden a material non librario, 18.000 son teses e case 5.000 teñen un enlace á versión electrónica do recurso.

### **Base de datos “Autores galegos”.**

A base de datos de Autores Galegos na BUS é accesible dende xuño de 2007, cando comezou con 8.000 nomes e continúa actualizando. Esta base de datos ofrece información bio-bibliográfica dos autores que, figurando no catálogo da BUS, son naturais de Galicia, teñen vinculación coa cultura galega, ou desenvolven en Galicia a súa actividade profesional ou creativa. Actualízase periodicamente cos rexistros de autoridade do programa de xestión bibliográfica e ten hoxe en día máis de 10.000 rexistros.

A súa orixe está no ficheiro de autoridades que, a principios dos anos 90, comeza a elaborarse co obxectivo principal de unificar as diversas formas dos




nomes dos autores que viñan xurdindo, debidas en parte ao novo estatus do galego como lingua oficial de Galicia, as variantes dos autores lusistas e tamén aos cambios na normativa ortográfica.

Este directorio está vinculado ao CG, seleccionando aos autores galegos con bibliografía presente nese catálogo; a partir dos rexistros de autoridade do programa edítanse os rexistros á páxina web. Estas fichas de autor están ademais vinculadas a Dialnet, o gran sistema de información da ciencia española, con máis de cinco millóns de documentos, e tamén a ORCID, o sistema de identificación internacional de autores que, á súa vez, está sincronizado coa Web of Science e con Scopus, colosos mundiais da investigación.

Para recoller os datos utilízanse diversas fontes de referencia, entre elas a *Gran Enciclopedia Gallega*, o *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* de Antonio Couceiro Freijomil, o *Diccionario da literatura galega* de Francisco Fernández del Riego, o *Diccionario de escritores en lingua galega* de 1990 ou o título *Gallegos, quién es quién en la Galicia del siglo XXI*; así como diferentes páxinas web, periódicos como *El País* ou *La Voz de Galicia*, as universidades, os colexios profesionais; pero tamén datos proporcionados polo autor.

## Coda.

**Catálogo Galicia.** Naceu como un proxecto que respondía aos criterios dunha Biblioteca Nacional, nun momento en que Galicia non tiña sistema bibliotecario. A partir dunha mera reordenación dos fondos temos o xerme desta gran bibliografía. Unha posterior iniciativa catalográfica, un índice



dos temas galegos, pasou a constituír unha liña da política de desenvolvemento das coleccións, coa adquisición de todos os fondos de interese para Galicia, e mesmo a levar as tarefas propias dunha Biblioteca Nacional ao ser transferida a xestión das coleccións do Depósito Legal á BUS: os libros galegos se recollían na Biblioteca de Fonseca e os

seus rexistros pasaban a engrosar os catálogos da BUSC. Estes libros situáronse durante uns anos na BUS e cando foron devoltos á Xunta de Galicia no 2012 apareceu un oco na colección de temas galegos. Temos que dicir ademais que estes libros son difíciles de acadar pois en moitos casos trátase de publicacións menores, efémera ou de literatura non comercial. Nesta evolución nos traballos bibliográficos podemos ver agora un avance cara ás chamadas

humanidades dixitais: o Fondo Galego está presente no Repositorio Minerva en forma de biblioteca dixital e tamén no apartado Coleccións dixitais do Catálogo da BUSC<sup>3</sup>.

**A Base de datos de autores galegos.** O índice de autores dos ficheiros manuais chegou a transformarse, coa informatización da biblioteca, no listado de autoridades da bases de datos da BUS. Un paso máis, foi converter este listado nun directorio de autores galegos con información sobre nome, especialidades, referencias, enlaces, etc. Esta base de datos de autores galegos é un xeito de sistema de identificación, no senso de ORCID ou de Dialnet, e de feito está enlazado a estes sistemas. Un paso máis sería o seu aproveitamento no necesario CRIS, Current Research Information System, da USC.

PEDRO INCIO



Claustro do Colexio de Fonseca, no que se acha a Biblioteca Xeral da USC.

<sup>3</sup> Pódese dicir que se evoluciona cara ás Humanidades dixitais do mesmo xeito que se pode facer unha analogía entre a biblioteconomía tradicional e as humanidades dixitais. Igual que nas bibliotecas analóxicas fálase da xestión dunha serie de fondos organizados para dar servizo aos usuarios, tamén nas bibliotecas dixitais se poden dar eses servizos ás humanidades dixitais. Contamos nestas bibliotecas cuns criterios de xestión –políticas de adquisición, de uso, de propiedade intelectual, de licenzas, etc.–, que se aplican ás coleccións dixitais –un subconxunto das coleccións analóxicas ao que hai que sumar os obxectos nados dixitais–, para dar unha serie de prestacións –que poden variar segundo as características dos obxectos dixitais ou a súa dixitalización– aos seus usuarios e usuarias que, en potencia, é toda a cidadanía interesada.